


**CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

# BÁNDO

# PARQUE EÓLICO GASALLA



Acordo de 6 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Gasalla, **nos concellos de Mesía e Frades**, (exp. IN408A 2017/26).

Solicitante/Promotor: **GREEN CAPITAL POWER, SL**

Potencia a instalar: **24,255 MW**

Núm. Aeroxeradores a instalar: **7 ud. x 3,465 MW de potencia nominal unitaria**

Sete (7) aeroxeradores tripód, modelo SG 3.4-132 ou similar, de potencia nominal unitaria 3,465 MW, velocidade e paso variables e diámetro do rotor de 132 m e altura de buxa de 114 m para seis deles e de 134 m para o restante.

Unha torre metereolóxica.

Unha subestación eléctrica transformadora, denominada SET Gasalla 30/132 kv.

O proxecto faise público para o coñecemento xeral e para que poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada na **oficina técnica de urbanismo do concello os LUNS, MÉRCORES E VENRES en horario de 10:00 a 15:00 h, se é o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de tinta (30) días**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia (DOG). **Publicado o venres, 16 de setembro de 2022 no DOG Núm 177.**

**Prazo para remitir alegacións/achegas/opinións: 19/09/2022-31/10/2022**

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña, das 9.00 ós 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico seccion.enerxia.coruna@xunta.es ou nos teléfonos 981 18 49 83 e 981 18 49 17, así como nas casas consistoriais de Mesía e Frades.

Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

No portal web do concello de Mesía

<http://www.concellodemesia.gal/servizos/noticias/consulta-parque-eolico-gasalla>

Este equipo de goberno mantén de forma clara e contundente a mesma postura en contra da instalación de proxectos eólicos no termo municipal, polo que presentarán as alegacións oportunas para evitar que o proxecto do parque eólico supoña unha agresión irreparable.

Mesía, 16 de setembro de 2022

Alcalde

  
Mariño Iglesias Castro